

## CONTINÚA A BOA EVOLUCIÓN DO EMPREGO PERO HAI MARXE PARA SEGUIR MELLORANDO

*Hai que incidir na mellora das políticas públicas activas de emprego, reforzar a protección do contrato de traballo e continuar na senda da mellora salarial*

**Redacción.-** Os datos do paro feitos públicos esta semana reflicten unha suba deste indicador, aínda que leve, que evidencia un efecto estacionalidade, polo fin da temporada de verán. Non obstante, o dato rexistrado é o mellor nun mes de outubro na serie histórica e, por outra banda, os datos de temporalidade seguen a ser moi bos, cunha taxa de contratación indefinida do 33,3%, aínda que esta é mellorable, sobre todo, en Galicia. Hai que lembrar que a nivel do Estado este indicador sube ata o 42,6%.

E tamén hai que atender a certas eivas do mercado laboral galego no que as mulleres seguen a representar o 58,9% do total do desemprego. O que urxe políticas de emprego que atendan á mellora da empregabilidade deste sector da poboación.

Se ben a nivel global pódese falar duns bos datos, hai demandas que UGT-Galicia mantén enriba da mesa para camiñar cara un mercado laboral máis xusto e equilibrado.

Por unha banda, recuperar a xustiza no despedimento. UGT subliña que a regulación actual do despedimento segue sendo unha materia pendente en España. A reforma imposta en 2012 —un ataque frontal ao diálogo social e á negociación tripartita— debilitou a posición das vítimas dun despedimento inxusto e ilegal, reducindo sistematicamente as indemnizacións por un acto ilícito e eliminando os salarios de tramitación. Esta reforma rompeu o equilibrio entre as partes e vulnerou os estándares europeos de protección.

Por iso, UGT esixe unha reforma que restableza a xustiza no despedimento e garanta a reparación íntegra ás persoas traballadoras afectadas, tal como establece a Carta Social Europea e recoñeceu o Comité Europeo de Dereitos Sociais, ao declarar que o sistema español non protexe adecuadamente fronte ao despedimento improcedente.

UGT considera que a patronal, se realmente cre no diálogo social, debe demostralo negociando unha nova regulación que protexa ás vítimas de decisións empresariais inxustificadas e ilegais e non aliñarse con quen busca manter unha norma que destruíu a concertación social.

Defender o contrato de traballo e a dignidade das persoas despedidas inxustamente é unha obrigaón democrática e xurídica, non unha opción.

Seguir reducindo o tempo de traballo: benestar, produtividade e emprego

A xornada laboral máxima legal de 40 horas semanais mantense inalterada desde fai máis de catro décadas, a pesar da profunda transformación que experimentaron as formas de producir, de traballar e de vivir. Hai que seguir avanzado e o próximo AENC será unha boa oportunidade para incidir na redución do tempo de traballo. Reducir progresivamente o tempo de traballo sen perda salarial é unha reforma necesaria para adaptar as relacións laborais aos novos tempos, marcados pola dixitalización, a automatización, a intelixencia artificial e as grandes transicións ecolóxica, demográfica e tecnolóxica.

A repartición máis equilibrada do tempo de traballo permitirá aproveitar mellor os aumentos de produtividade derivados da innovación, mellorar a saúde laboral, reducir a parcialidade involuntaria, facilitar a conciliación e garantir unha transición xusta no mundo do traballo. En definitiva, avanzar cara a xornadas máis curtas non só é unha cuestión de benestar, senón tamén de eficiencia, sustentabilidade e cohesión social.



A organización sindical lembra que a repartición do tempo de traballo é clave para mellorar a produtividade, reducir a parcialidade involuntaria e combater a pobreza laboral, que alcanza ao 15,6% das persoas ocupadas.

Avanzar cara a unha xornada máis curta permitirá repartir mellor o emprego, mellorar a saúde laboral e aumentar a calidade de vida.

Garantir cláusulas salariais que repartan xustamente o crecemento

UGT alerta de que, a pesar dos bos resultados económicos e ás marxes empresariais récord, só un 35% das persoas traballadoras conta con cláusulas de revisión salarial automática vinculadas á inflación ou á produtividade.

Por iso, o sindicato esixe xeneralizar estes mecanismos no VI Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), para que o crecemento das empresas tradúzase en melloras reais para a maioría traballadora.

O obxectivo, sinala UGT, debe ser garantir que a riqueza se reparta de forma xusta e que os beneficios empresariais non se acumulen á conta do poder adquisitivo das persoas asalariadas. Por iso, UGT-Galicia reclama:

- Políticas públicas activas de emprego máis eficaces, centradas na em-

pregabilidade e na reinserción das persoas desempregadas de longa duración.

- Reforzar a protección do contrato de traballo, adecuando a lexislación española aos compromisos internacionais derivados da Carta Social Europea, que obrigan a garantir a estabilidade no emprego.

- Continuar coa senda de mellora salarial e redución da xornada laboral, como elementos indispensables para avanzar cara a un mercado laboral xusto, inclusivo e sostible.

## Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos este martes, en Galicia o desemprego subiu en 301 persoas con respecto ao mes anterior (0,27%), de igual xeito que no resto do Estado, un 0,91%, 22.101 persoas máis no desemprego. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 8.828 persoas, un 7,22% menos. A mesma tendencia mantense no resto do Estado, cun descenso do 6,08%, 158.288 persoas menos no paro que hai un ano. Así, o número total de desempregados sitúase en 113.386 persoas, mínimo histórico en Galicia nun mes de outubro dende 1996 e sexta menor cifra da serie, todas rexistradas este ano.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma

tendencia que no resto de idades, aínda que máis acusada, así, subiu no mes nun 4,13%. En relación a outubro de 2024, pola contra, o desemprego baixou nun 1,1%. É dicir, en Galicia rexístrase un peor comportamento do desemprego entre os máis mozos

Por sexos, no mes o desemprego sube entre os homes 1,73%, mentres baixa nas no caso das mulleres nun 0,73%. No ano baixou o desemprego baixa nos dous, 8,18% entre os homes e un 6,54% entre as mulleres. Non obstante, dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,9% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 66.733 mulleres, fronte a 46.653 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes sube na agricultura e gandería, nun 5,38% e no sector servizos, nun 0,58%. Pola contra, baixa na industria, nun 1,62%; na construción, nun 1,31%; e no colectivo de sen emprego anterior, nun 0,74%. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 11,13% no primario; o 11,41% na industria; o 12,44% na construción; o 5,75% no sector servizos; e o 9,22% entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén sube en todas as provincias, excepto en Ourense. O 0,27% na Coruña; 1,5% en Lugo; e un 0,33% en Pontevedra. Baixa o 0,91% en Ourense. No ano a baixada foi do 6,36% na Coruña; 7,06%

en Lugo; 7,85% en Ourense; e o 7,95% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 33,37%. Realizáronse en outubro un total de 68.648 contratos en Galicia. No mes de outubro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 8,87%. 24,5 puntos por enriba do que sucedía hai catro anos, antes de que entrase en vigor a Reforma Laboral.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 67,2% e no primario, do 56,1%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 32,5%; e na industria, do 24,8%.

En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta sitúase no 59,9%, moi por debaixo do 75,95% do Estado, con 61.302 persoas beneficiarias. Deste total, 25.978 perciben subsidios e 268 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 36.056. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.102.984 de media mensual, baixando o 0,09% no mes e aumentando un 1,81% no ano.

## MOBILIZACIÓNS E FOLGA EN ATENCIÓN PRIMARIA

**Redacción.-** As organizacións sindicais entenden que as medidas avanzadas pola Consellería de Sanidade supoñen unha modificación substancial moi penosa das condicións de traballo das e dos profesionais da Atención Primaria e da prestación asistencial que recibe a cidadanía, polo que anuncian a convocatoria de mobilizacións e folga na Atención Primaria o mércores 26 de novembro.

O día 7 de novembro, ás 10:30, no centro CERSIA, rúa Alcalde Raimundo López Pol, en San Lázaro, Santiago de Compostela, trasladarase aos medios de comunicación, nunha rolda de prensa, os termos concretos da convocatoria de folga.

As Organizacións Sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade —CIG-Saúde, CSIF, CCOO e UGT— veñen de esixir á Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS a retirada inmediata do documento “Liñas de actuación de RRHH en Atención Primaria. Medidas”,

presentado na reunión da Mesa Sectorial do 17 de outubro, por consideralo insuficiente, improvisado e carente de contido real.

As organizacións sindicais lembran que solicitaron a convocatoria dunha Mesa Sectorial para abordar cuestións fundamentais como o Plan de Ordenación de Recursos Humanos da Atención Primaria e o modelo asistencial dos sábados pola mañá, mais o documento presentado polo SERGAS non responde ás demandas sindicais nin aos problemas estruturais do sistema.

A situación da Atención Primaria en Galicia é crítica. O SERGAS non pode se-



guir improvisando nin agochando a falta de planificación detrás de documentos baleiros. O persoal da sanidade pública e a cidadanía merecen unha resposta seria e inmediata.

As organizacións con representación na Mesa Sectorial veñen de enviar á Consellería de Sanidade un documento en co-

mún que recolle os seguintes puntos:

1. Que se proceda á retirada progresiva da categoría de FEAP e se elabore un plan de reconversión das prazas actuais de FEAP en prazas de médica/o de familia, garantindo a continuidade laboral das persoas afectadas e a cohesión do modelo asistencial de Atención Primaria.

2. Que se nos fagan chegar os datos desagregados por cada centro de saúde e PAC, que permitan unha análise obxectiva da situación real da Atención Primaria.

3. Que a Consellería de Sanidade pre-

sente propostas concretas de actuación, diferenciando medidas a curto, medio e longo prazo, de forma clara e desenvolvida.

4. Que se faga unha análise das ratios de persoal existente por categorías nos distintos centros en relación ao grao de desenvolvemento das competencias e das carteiras de servizos, para abordar no Plan de Ordenación de RRHH o número de profesionais necesarios/as para a posta en marcha das carteiras de servizos en todos os centros.

5. Que se aborde a situación do persoal da área administrativa de atención pri-

maria, analizando as cargas de traballo existentes e se doten do persoal necesario.

6. Que se implementen as categorías profesionais necesarias para prestar unha asistencia sanitaria de calidade á poboación, é dicir, sen demoras.

7. Que se desenvolva o concurso específico da especialidade de enfermaría familiar e comunitaria, e se negocie un plan plurianual de reconversión de prazas xerais de enfermeiro/a en prazas de enfermeiro/a especialista, tanto de familia como de pediatría, na atención primaria.

## O SECTOR DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA CORUÑA MOBILÍZASE POR UN CONVENIO DIGNO

*O día 10 está convocada unha manifestación na Coruña e haberá xornadas de folga en decembro*

**Redacción.-** FeSMC-UGT informa que o sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña está convocado a manifestarse o vindeiro día 10 na Coruña, a partir das 11.00 na estación de autobuses por un convenio digno. Esta é a primeira parte dun proceso mobilizador que continuará con varias xornadas de folga no mes de decembro, aínda pendentes de fixar.

### O convenio leva caducado dende o 2020

A paciencia dos traballadores e traballadoras do sector esgotouse. A negociación leva bloqueada dende que caducou o anterior convenio no 2020 e dende entón a patronal mantén unha postura totalmente inmovilista, con tomas de contacto que en nada fructificaron.

A única proposta que hai enriba da mesa por parte da patronal é unha suba do 1,2% para o 2025. Unha proposta insuficiente, non só polo díxito, senón porque as demandas van moito máis aló do meramente salarial, xa que o convenio vixente é totalmente obsoleto.

### Redución de xornada e avances en materia de conciliación da vida laboral e persoal

A parte empresarial négase a abordar cuestións como a redución de xornada, os avances en materia de conciliación ou calquera outro tipo de mellora laboral e social.

Como apuntou en rolda de prensa Iván Cancela (UGT), a conciliación é bastante difícil con xornadas de 14 e 15 horas e quendas de nove horas sen os descansos estipulados.

### Malas condicións laborais que frean o relevo xeracional

Isto afoga ao sector e bota para atrás a novos posibles condutores, necesarios para acometer o relevo xeracional no sector.

### A manifestación do luns é un primeiro paso para unha mobilización que pode ir cara a folga no sector

A manifestación do luns é un primeiro toque de atención dirixido á patronal pero tamén á Xunta porque considérase que o Goberno galego debe mediar no conflito, xa que se está a falar dunha cuestión de mobi-

lidade.

Dende FeSMC-UGT, xunto con CCOO e CIG, insístease en que a negociación ten que ir encamiñada á mellora salarial, da xornada e, en xeral, mellora dos dereitos laborais do sector de transporte de viaxeiros por estrada.

alsa MONBUS arriva



**MANIFESTACIÓN, ÁS 11:00H**  
**EST. AUTOBUSES DA CORUÑA**

CONVOCAN:

UGT





## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE JEVASO MOBILÍZANSE POLA MELLORA DAS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS

**Redacción.-** O persoal de Jevaso (Arteixo) iniciou mobilizacións ante a decisión da empresa de non aplicar o acordo de melloras salariais. A primeira protesta foi o 5 de novembro, diante das instalacións da empresa, e non se descarta a convocatoria de paros se a empresa teima no incumprimento

Dende UGT FICA esíxeselle á empresa que de inmediato actualice as nóminas e abone as cantidades que corresponden polos atrasos xerados dende xaneiro de 2024.

O Comité explica que despois da publicación do convenio estatal de industria téxtil e confección, a empresa tiña a obriga de actualizar as nóminas en base ás novas táboas e pagar os atrasos xerados. Pero unha vez revisadas as cantidades satisfeitas ás traballadoras e traballadores, comprobouse que estas eran moi inferiores ás que legalmente correspondían.

Ante esta situación, o comité de empresa mantivo unha reunión coa empresa a fin de esixirlle explicacións sobre as contías abonadas e sobre a actualización da nóminas. No transcurso de dita reunión a empresa informa que decidiu unilateralmente compensar os atrasos de convenio e a actualización dos conceptos salariais coas contías que está pagando por enriba do convenio e que son froito dunha negociación asinada entre as partes en xullo de



2023.

Isto supón un recorte dos dereitos económicos e un incumprimento flagrante do acordo asinado coa representación social, que nin o comité nin o persoal está disposto a tolerar, menos aínda cando Jevaso obtivo mais de catro millóns de euros de beneficios.

### Complementos non absorbibles

O acordo asinado en xullo do 2023 recolle de xeito expreso a vontade das partes de que os complementos pactados non serán absorbibles por incrementos salariais de convenio e mesmo se recolle de forma expresa que os complementos pactados se revisarán anualmente de conformidade co incremento pactado e publicado sobre as táboas salariais de

aplicación en cada momento no convenio colectivo da industria téxtil e confección.

Para o comité non hai razón obxectiva nin escusa posible para que a empresa non cumpra co pactado coa parte social en 2023, polo que non poden mais que cualificar esta actuación máis que de tomada de pelo sen precedentes e intolerable. Por iso, ademais da concentración do día 5, durante estes días celebraranse asembleas co persoal para avaliar a proposta de convocatoria de paros parciais.

Jevaso é unha empresa de enormes dimensións que presta servizos auxiliares á industria téxtil de pasado de ferro, confección e loxística e que só no centro de traballo de Arteixo conta con máis de 700 persoas contratadas directas e sobre 200 de ETT.

## ACTUALIZADAS AS CONDICIÓN DO VII CONVENIO XERAL DA CONSTRUCCIÓN

**Redacción.-** A Comisión Negociadora do VII Convenio Xeral da Construción acordou o martes a actualización das condicións laborais do convenio para os anos 2025 e 2026, que afecta a máis dun millón e medio de persoas traballadoras.

O acordo establece un incremento salarial para o ano 2025 do 3,5% sobre táboas e do 0,5% do Plan de Pensións (4% total), mentres que para o ano 2026, o incremento pactado é do 3% en táboas e do 0,25% do Plan de Pensións (3,25% total). Este incremento levarase a cabo sobre as táboas salariais de 2024 actualizadas un 0,4% e con efectos retroactivos do 1 de xaneiro de 2025.

Tamén se actualizou a cláusula de garantía salarial, de maneira que se a suma do IPC xeral dos meses de decembro dos anos 2025 e 2026 sitúase nun nivel superior ao 7,25%, e sempre cun máximo dun 9,25%, in-

crementaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2027 as táboas salariais do ano 2026, sen efectos retroactivos, de maneira que o 50,0% dese exceso irá nun 50,0% a incremento das táboas salariais e o outro 50,0% a contribución ao plan de pensións.

O acordo inclúe a extensión da contribución empresarial ao plan de pensións do sector da construción, sobre o salario convenio, a todas as persoas traballadoras do sector a partir de 1 de xaneiro de 2026.

Ademais acordouse a creación dunha Comisión para o estudo da implementación de coeficientes redutores na que se analice e valore que ocupacións ou actividades profesionais son de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre.

Acórdase tamén a creación dunha Comisión para, previas as actuacións pertinen-

tes, tratar de identificar as actividades que puidesen contar coa presenza de sílice cristalina respirable e para o estudo das medidas preventivas específicas.

Outra das medidas acordadas é a de promover medidas que faciliten a incorporación ao sector de mulleres, mozos e persoas inmigrantes. Enténdese prioritario apoiar e impulsar conxuntamente políticas acordadas coas premisas expostas favorecendo, entre outras, medidas como a contratación de persoas desempregadas, en situación de exclusión social, vítimas de violencia de xénero, así como a de inmigrantes ou poñendo en marcha programas que faciliten o arraigamento por formación. Finalmente, acordouse unha solicitude conxunta de modificación da Lei de desindexación da economía española en relación cos contratos públicos, así como a inclusión da man de obra no sistema de revisión de prezos.

## UGT SERVICIOS PÚBLICOS CONSIDERA INDISPENSABLE UNHA SUBIDA SALARIAL ESPECÍFICA PARA 2025

**Redacción.-** Os sindicatos UGT Servicios Públicos, Área Pública de CCOO e CSIF participaron esta semana na reunión convocada polo Ministerio de Función Pública, tras as concentracións levadas a cabo a semana pasada para esixirlle a apertura da mesa de negociación na que abordar a subida salarial dos empregados públicos para 2025, entre outras cuestións.

A secretaria xeral de UGT Servicios Públicos, Isabel Araque, subliñou que o Goberno puxo sobre a mesa un calendario de negociación, que se realizaría por bloques -salarío, emprego e condicións laborais-. En cuestión salarial expuxo un acordo plurianual para tres anos, 2026, 2027 e 2028.

En materia salarial, UGT Servicios Públicos considera indispensable unha subida específica para 2025, con carácter retroactivo ao un de xaneiro. Para UGT, esta é unha

premisa fundamental, pois pola contra sería aceptar unha conxelación salarial en 2025 para tres millóns e medio de empregadas e empregados públicos, ao que o sindicato non está disposto. Para o resto de anos de vixencia do acordo, expóñense subidas salariais cunha fórmula que combina unha contía salarial fixa e outra variable, similar á do anterior acordo. O Goberno comprometeuse a propoñer porcentaxes de subida salarial, como moi tarde, na reunión prevista para o 19 de novembro.

Durante o encontro, Isabel Araque puxo de relevo a necesidade de contar cunha administración adaptada ás necesidades actuais da cidadanía, para o que resulta priorita-



rio modernizar o acceso á Función Pública, simplificar os procesos e acurtar os tempos desde que se oferta unha praza ata que se cobre, debido a que na actualidade ese prazo pode chegar a tres anos. Así como adoptar as medidas necesarias para terminar coa temporalidade nas Administracións Públicas. Traballar durante esta semana ata a próxima reunión do martes, 11 de novembro, co bloque de emprego é moi importante non só para as empregadas e empregados públicos senón para a calidade do público.

## UGT SERVICIOS PÚBLICOS CELEBRA AS XORNADAS DE ACCIÓN SINDICAL

**Redacción.-** Delegadas e delegados de todos os sectores de UGT Servicios Públicos participaron os días 4 e 5 de novembro nas Xornadas de Acción Sindical, un espazo de traballo, reflexión e debate destinado a reforzar a negociación colectiva e afrontar os retos sindicais do presente e do futuro.

As xornadas reuniron a relatoras do sindicato e das administracións públicas, co obxectivo de analizar como fortalecer a acción sindical nun contexto marcado pola transformación dixital, a intelixencia artificial e os cambios no emprego público.

Durante as sesións debatiuse sobre temas clave como a mellora das condicións laborais, o papel do diálogo social, a importancia da formación sindical e a defensa dos servizos públicos como pilar esencial da cohesión social e do Estado de benestar.

Desde UGT Servicios Públicos subliñase que a acción sindical constrúese colectivamente, a través da organización, o diálogo e a participación activa das persoas que cada día defenden os dereitos das traballadoras e traballadores en todos os sectores.



As xornadas contaron con diferentes mesas redondas, relatorios e debates sectoriais que abordaron os desafíos actuais da negociación colectiva,

o impacto da intelixencia artificial no mundo laboral e as ferramentas para fortalecer a acción sindical no século XXI.



## A FUNDACIÓN LUIS TILVE PARTICIPOU NA HOMENAXE Ó DIRIXENTE DE UGT REPRESALIADO, BENITO CASASNOVAS RODRÍGUEZ

**Redacción.-** O pasado xoves 30 de outubro, dentro das actividades de homenaxe ás vítimas do golpe de Estado de 1936, a Guerra Civil e a ditadura franquista, en virtude da Lei de Memoria Democrática, a Fundación participou no acto de recoñecemento ao que fora dirixente de UGT e alcalde socialista de Ponteareas represaliado, Benito Casasnovas Rodríguez, organizado polo PSdeG-PSOE da citada localidade.

No acto, que foi presentado polo compañeiro de FICA e concelleiro socialista de Ponteareas, Ruben Pérez Prego, interveu o director da Fundación, Guillermo Pérez, quen alertou sobre a falsificación da historia e a necesidade de dar a coñecer un relato veraz dos acontecementos, uns terribles sucesos que en Galicia aínda foron máis brutais, xa que aquí non houbo guerra, houbo violencia gratuítia. “E isto hai que contalo porque, como dicía José Saramago, hai que recuperar, manter e transmitir a memoria histórica, porque se empeza no esquecemento e se termina na indiferenza”, como demostran as últimas enquisas, nas que un 32,8 % dos menores de 18 anos, futuros votantes, consideran positivamente o franquismo. Por iso, a urxencia de por en práctica medidas como a

Lei de Memoria Democrática, e actuacións coa mellor arma fronte ós fascismos, a educación, de aí que a Ditadura acabase cunha xeración de docentes, mandándoos ás cunetas, represaliándoos ou depurándoos.

A continuación tomou a palabra o profesor Francisco Candeira, que fixo un percorrido pola vida de Benito Casasnovas, tababarteiro de profesión, quen, nado en Ourense, emigrou, como Pablo Iglesias e tantos galegos, a Madrid, onde se afilia ó “Sindicato de la Piel” de UGT en 1916. En 1928 representou ó “Sindicato de Dependientes de Comercio” e o “Sindicato de Oficios Varios” de Ponteareas no XVI Congreso da UGT. Retornado a Galicia, foi elixido concelleiro da mencionada localidade e deputado provincial polo PSOE. Durante a II República foi presidente da Casa do Pobo, vicepresidente da sección de curtidores da UGT e director da revista socialista “Renovación”. En 1936 foi elixido alcalde de Ponteareas, cargo no que estivo ata o golpe do 36, cando fuxiu a Portugal,

onde foi detido e internado na cadea de Tui, namentres a súa familia sufría represión e a súa muller era rapada. En canto logrou saír de presidio emigrou a México, onde formou parte do “Grupo Gallego” da UGT. Non retornaría definitivamente a Galicia ata 1967, falecendo en 1972, sen poder coñecer unha democracia gañada co esforzo e a sangue de tantos e tantas.

O emotivo acto, no que tamén estivo o Secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, pechouse coa intervención de Vanesa Fernández, secretaria xeral da Agrupación Socialista de Ponteareas, que fixo entrega dun presente á neta e familiares de Benito, que agradeceron emocionados o recordo e recoñecemento ó seu familiar.



## UGT E RUGE CELEBRAN A TRAMITACIÓN DO ESTATUTO DO BOLSEIRO NO CONSELLO DE MINISTROS

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras e RUGE - Revolución Uxetista, a organización de mozas do sindicato, celebran que, por fin, o Estatuto do Bolseiro elévese a Consello de Ministros para a súa primeira aprobación. Un paso crucial na tramitación definitiva dunha norma que conlevou un intenso proceso de negociación na mesa de diálogo social e pola que UGT traballou firmemente para lograr un texto que puxese coto á precariedade das persoas bolseiras.

O sindicato quere destacar que o texto que se presenta é o acordado no diálogo social, como mostra do respecto e lealdade ao consenso alcanzado tras case 15 meses de negociación entre os interlocutores sociais e o Goberno. Recoñece, ademais, que é un texto que inclúe os puntos negociados coa patronal, o que demostra o esforzo por alcanzar un equilibrio e unha norma que fose asumible por todas as partes, garantindo a calidade das prácticas sen prexudicar á empresa.

Esta primeira aprobación continúa o

consenso de protección e avance en dereitos das persoas bolseiras, iniciada en 2024 coa cotización das prácticas non laborais no sistema nacional da Seguridade Social e consegue ao fin acabar coa figura do “falso bolseiro” e dar paso a un modelo que prioriza a formación real e os dereitos.

Entre os principais avances que se recoñecen, destacamos:

- Limitación das prácticas extracurriculares: As que máis fraude e precariedade xeran, ao non estar directamente vinculadas á formación reglada.
- Compensación de gastos: As empresas deberán abonar unha contía mínima suficiente para compensar todos os gastos nos que incorra a persoa en formación (desprazamento, aloxamento ou manutención), no caso de que a práctica non sexa remunerada e non exista outra bolsa que os cubra.



• Igualdade de dereitos co persoal: As persoas en formación práctica na empresa terán dereito aos mesmos servizos e beneficios que o resto do persoal, como zonas de descanso, servizos de restauración, e respecto aos límites de xornada, incluídos festivos e vacacións.

Por todo iso, UGT fai un chamamento a todos os Grupos Parlamentarios a manter o consenso alcanzado co texto aprobado no Consello de Ministros. É fundamental que a tramitación parlamentaria continúe con celeridade e sen vetos que desvirtúen o acordo e o Congreso debe garantir a aprobación final dunha norma que supón un compromiso coa mocidade estudante do noso país.